

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que a Presidencia da Xunta de Goberno Local ditou a seguinte

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos postos á disposición da Alcaldía a través da plataforma de tramitación electrónica de expedientes municipais (TEDEC).

TENDO EN CONTA que, mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, acordouse constituír Xunta de Goberno local do Concello de Oroso, como órgano de carácter necesario, integrado pola Alcaldía, que a preside, e polos concelleiros D<sup>a</sup>. Licia López Gándaras (1era Tenente de Alcalde); D. José Carlos Mosquera Boo (2º Tenente de Alcalde); D. Óscar Rodríguez Piñeiro (3er Tenente de Alcalde); e D. Carlos Fernández Barreiro (4º Tenente de Alcalde).

TENDO EN CONTA mediante a referida Resolución de Alcaldía se establece que a Xunta de Goberno local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 9:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda; que no caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior; que a Alcaldía poderá adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 1004/2023 do 24/07 procedeuse a modificar a resolución de Alcaldía nº 840/2023 fixando a hora de celebración da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local para as 15:30 horas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ordinaria da XUNTA DE GOBERNO LOCAL para:

Día: 06/02/2024

Hora: 15:30 horas a 1.<sup>a</sup> convocatoria e, se procedese, ás 16:30 horas a 2.<sup>a</sup>.

Lugar: salón do pleno da Casa do Concello.

Orde do día:

#### I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación de actas das sesións da Xunta de Goberno local

1.1 Acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 16/01/2024. Acta sesión 01/2024.

#### 2.-Xestión económica.

2.1.-Aprobar se procede a adxudicación dos lotes 3 e 4 do contrato de servizos de limpeza de edificios e locais do Concello de Oroso (EXP. 2021/C004/000017).

### 3.-Xestión Urbanística.

3.1.-EXP.URB. 125/2023 (2023/U026/000096) Dación de conta da comunicación previa de obras presentada por Nueva Higoma SL para acometida de incendios na rúa Otero Pedrayo, nº. 3. Parque Empresarial de Sigüeiro.

3.2.-EXP.URB 126/2022 (2022/U018/000007) Aprobar se procede a concesión de licenza de parcelación solicitada por Hormigones Carral SL para finca na Rúa Eduardo Pondal, nº. 16, esquina a rúa Rafael Dieste, nº.1 e avda. Álvaro Cunqueiro, nº. 33. Parcela nº. 61 do Parque empresarial de Sigüeiro.

## II PARTE DE CONTROL

4 Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da xunta de goberno, REMITÍNDOLLES a minuta da acta que se eleva a súa aprobación e as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición as propostas de acordo na sede electrónica do Concello no apartado “portal dos cargos electos” (<https://sede.orosogal/opencms/es>).

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso, asinado dixitalmente  
O Secretario.

Federico Suárez Cancelo.